

Autor: **ERIC-EMMANUEL SCHMITT**
 Tradución: **EMMA LÁZARE RODRÍGUEZ**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Caixón de Narrativa
 64 páxinas. 14,5x21 cm.
 ISBN 978-84-96957-09-1

Prezo: 10 €

O SEÑOR IBRAHIM E AS FLORES DO CORÁN

Unha mañá, antes de marchar para o instituto, meu pai díxerame:

–Moisés, non o entendo... Faltan cartos... a partir de agora, escribirás no caderno da cociña todo o que gastas na compra.

Así que, non bastaba con que me reprenderan, tanto no instituto coma na casa, con lavar, estudar, cociñar e facer os recados, non bastaba con vivir só nun gran piso escuro, baleiro e sen cariño, con ser escravo máis ca o fillo dun avogado sen casos e sen muller, senón que tiña que pasar por ladrón! Pois xa que era sospeitoso de roubar, mellor facelo.



Momo é un adolescente xudeu, desorientado e orfo de agarimo. Ibrahim é un tendeiro musulmán, de carácter reflexivo e pausado, cunha visión da vida marcada pola perspectiva e a experiencia dos anos. Dous habitantes solitarios da rúa Azul, no París dos anos 60, que traban unha entrañable amizade que trascende as súas respectivas crenzas. Un aporta vitalidade, o outro sabedoría...

Máis que unha novela, trátase dun texto iniciático que apela ao multiculturalismo, a tolerancia e o entendemento entre iguais. A súa lectura reconforta e afortala a nosa confianza na especie humana. Partindo dunha relación pseudo-paternofamiliar entre os protagonistas, este relato sinxelo e áxil ábrenos a porta a unha reflexión esperanzadora sobre o futuro do mundo no que vivimos. "O señor Ibrahim e as flores do Corán" é o segundo título da "Triloxía do invisible", dedicada ás principais relixións, da que tamén forman parte "Milarepa" e "Oscar e Mamie-Rose".

ÉRIC-EMMANUEL SCHMITT (Lyon, Francia, 1960)

Profesor de filosofía, dramaturgo e novelista. É un dos autores máis representados en Francia; moitas das súas obras teatrais estreáronse en máis dunha trintena de países. A Academia Francesa outorgoulle en 2001 o Gran Premio do Teatro polo conxunto da súa obra. Na súa produción narrativa, destaca "L'Évangile selon Pilate", que recibiu varios galardóns.

De "O señor Ibrahim e as flores do Corán" fíxose unha adaptación cinematográfica dirixida por François Dupeyron, con Omar Shariff e Pierre Boulanger. A película foi galardoada co premio ao mellor actor no Festival de Venecia 2003 e o César ao mellor actor, equivalente ao Goya en España. No noso país fíxose unha adaptación teatral, con dirección de Ernesto Caballero.